

Lei 62/1997, do 26 de decembro, atribúelles ás comunidades autónomas a facultade de designación e separación dos vocais dos consellos de administración das autoridades portuarias de interese xeral do Estado sitas no seu territorio.

O acordo do Consello da Xunta de Galicia do 10 de xaneiro de 2002, modificado polo acordo do 6 de xuño de 2002, faculta o conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda para o presente cesamento.

Conforme o previsto no artigo 40 da Lei de portos do Estado e da mariña mercante, texto reformado pola Lei 62/1997, do 26 de decembro, a designación dos vocais do consello de administración deberá facerse necesariamente por proposta das administracións públicas, entidades ou organismos representados no consello de administración, polo que, en canto órgano competente,

DISPOÑO:

O cesamento, por paso a outro destino, de Emilio García Gallego como vocal dos consellos de administración das autoridades portuarias da Coruña e Vigo e a súa ría, en representación da Xunta de Galicia, agradecéndolle os servicios prestados.

Santiago de Compostela, 19 de febreiro de 2003.

Alberto Núñez Feijoo

Conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda

b) NOMEAMENTOS:

**CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA,
RELACIÓNS INSTITUCIONAIS
E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA**

Decreto 165/2003, do 20 de febreiro, polo que se nomea membro do Consello Asesor de Radio Televisión Española en Galicia a José Miguel Túniz López.

De acordo co establecido no artigo 8, punto 2º, da Lei 10/1983, do 9 de decembro, reguladora do Consello Asesor de Radio Televisión Española en Galicia, de conformidade coa elección efectuada polo Parlamento de Galicia na súa sesión do día 3 de decembro de 2002, e logo do coñecemento do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día vinte de febreiro de dous mil tres,

DISPOÑO:

Nomear a José Miguel Túniz López membro do Consello Asesor de Radio Televisión Española en Galicia.

Santiago de Compostela, vinte de febreiro de dous mil tres.

Manuel Fraga Iribarne
Presidente

Jaime Pita Varela
Conselleiro da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública

**CONSELLERÍA DE POLÍTICA
TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS
E VIVENDA**

Orde do 19 de febreiro de 2003 pola que se nomea vocal en representación da Xunta de Galicia no consello de administración das autoridades portuarias da Coruña e Vigo e a súa ría.

A Lei 27/1992, do 24 de novembro, de portos do Estado e da mariña mercante, texto reformado pola Lei 62/1997, do 26 de decembro, atribúelles ás comunidades autónomas as facultades de designación e separación dos vocais dos consellos de administración das autoridades portuarias de interese xeral do Estado sitas no seu territorio.

O acordo do Consello da Xunta de Galicia do 10 de xaneiro de 2002, modificado polo do 6 de xuño de 2002, faculta o conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda para o presente nomeamento.

Conforme o previsto no artigo 40 da Lei de portos do Estado e da mariña mercante, texto reformado pola Lei 62/1997, do 26 de decembro, a designación dos vocais do consello de administración deberá facerse necesariamente por proposta das administracións públicas, e entidades ou organismos representados no consello de administración, polo que, en canto órgano competente,

DISPOÑO:

O nomeamento de Carlos Negreira Souto como vocal do consello de administración das autoridades portuarias da Coruña e Vigo e a súa ría, en representación da Xunta de Galicia.

Santiago de Compostela, 19 de febreiro de 2003.

Alberto Núñez Feijoo

Conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

**CONSELLERÍA DE POLÍTICA
AGROALIMENTARIA E
DESENVOLVEMENTO RURAL**

Orde do 13 de febreiro de 2003 pola que se articulan axudas no marco do Programa de Mellora Gandeira de Galicia.

Para desenvolve-las liñas marcadas no Programa de Mellora Gandeira de Galicia é preciso a regulación de axudas concretas destinadas, por un lado, a presta-lo apoio técnico necesario ó sector gandeiro, cos obxectivos de mellora-la súa eficacia e a profesionalidade, contribuíndo á súa viabilidade a longo

prazo, e por outro, a fomenta-lo mantemento e a mellora da calidade xenética do gando galego, sen afectar ás condicións da competencia.

As actividades que hai que subvencionar enmárcanse no disposto nos puntos 4, 14 e 15 das directrices comunitarias sobre axudas estatais ó sector agrario (2000/C 28/02).

As liñas de axuda de apoio técnico ó sector gandeiro abranguen os programas de xestión zootécnica, os programas de planificación zoonosanitaria e as actividades de fomento, difusión, profesionalización e especialización do sector gandeiro galego.

As liñas de axuda para a mellora da calidade xenética do sector gandeiro galego abranguen as axudas de apoio ós libros xenéticos, as axudas destinadas á realización de probas para determina-la calidade xenética ou o rendemento do gando vacún leiteiro, as axudas destinadas á realización de programas de cría de animais, as axudas á adquisición de animais de reposición de determinadas razas autóctonas españolas e as axudas ó fomento das razas autóctonas galegas de protección especial en perigo de extinción.

Desestimárase calquera programa do que do seu estado se deduza que as axudas ó mesmo poden perturba-lo mecanismo das organizacións comúns de mercados.

Os programas de xestión zootécnica permiten acadar a mellora da eficacia dos sistemas productivos gandeiros, cunha clara repercusión na economía da explotación. Son as agrupacións de gandeiros a vía axeitada para a realización destas actividades que garantan a viabilidade das explotacións e a competencia dos seus produtos no mercado.

Os programas de planificación zoonosanitaria están dirixidos a mellora-lo estado sanitario das explotacións gandeiras incluídas nas Agrupacións de Defensa Sanitaria, nas que o desenvolvemento das actuacións encamiñadas á prevención e loita contra diversas enfermidades redunda nunha mellora das producións e nunha alta rendibilidade.

As actividades de fomento, difusión, profesionalización e especialización do sector gandeiro galego serven para prestixia-lo labor das ganderías acollidas nos programas de mellora gandeira de Galicia, para o fomento e difusión dos animais destas razas, e para eleva-lo nivel de profesionalización e especialización do sector gandeiro mediante a adquisición e actualización de coñecementos que deriven na implantación de técnicas ou prácticas agropecuarias que eleven a eficacia productiva das explotacións.

Os libros xenéticos son a base de tódolos programas de mellora xenética, ó seren os arquivos dinámicos oficiais que conteñen a información xenealóxica, morfolóxica e productiva dos animais inscritos, permitindo estima-lo mérito xenético deles e servindo para toma-las decisións sobre cómo orienta-la mellora xenética en cada raza. No caso das razas autóct-

tonas galegas de protección especial en perigo de extinción o seu fomento ten a finalidade de evita-la súa desaparición.

Nun mercado máis profesionalizado, os animais inscritos nos libros xenéticos acadan un valor económico maior, contribuíndo, por unha parte, a aumenta-los beneficios derivados da súa comercialización, e por outra, a estimula-la recría de animais selectos que prestixian o labor dos seus criadores e, por iso, do proceso de selección.

Polo que se refire á realización de probas para determina-la calidade xenética ou o control de rendementos no gando vacún leiteiro, a experiencia adquirida coa posta en marcha do Programa de Mellora Gandeira, e o desenvolvemento das liñas básicas definidas nel, así como a importancia do sector do gando vacún leiteiro dentro da renda agraria da Comunidade Autónoma de Galicia, aconsellan continua-las accións emprendidas como o mellor medio para a incorporación a este sector gandeiro de novos criterios de manexo e de mellora xenética. As novas orientacións a nivel nacional e internacional no desenvolvemento destes programas fan das asociacións e agrupacións de produtores unha canle axeitada para a progresiva participación do sector e a garantía da súa viabilidade futura.

A comprobación dos rendementos de gando vacún leiteiro en Galicia ten por obxecto o estudio e determinación dos parámetros productivos necesarios para documenta-los programas de mellora xenética e de manexo. Cumpre dúas funcións, por unha banda achega unha valiosa información sobre aspectos productivos, reproductivos e sanitarios dos animais que, unha vez procesados, permiten a súa utilización na xestión técnica da granxa; e por outra, esa información xunto coa xenealoxía e a obtida trala cualificación morfolóxica serven para realiza-las avaliacións xenéticas dos animais.

A aplicación a nivel de explotación de programas de cría animal é unha vía para incorpora-las novas prácticas e técnicas innovadoras en materia de produción animal ás explotacións galegas.

As axudas para a avaliación xenética das femias das especies bovina, ovina e cabrúa de raza pura para reprodución baséanse na xestión da liña de axudas mediante subvencións por lactación completa e válida, regulado polo artigo 9 do Real decreto 1213/1997, do 18 de xullo.

As axudas para a adquisición de animais de reposición de determinadas razas bovinas, ovinas e cabrúas autóctonas españolas baséanse na xestión da liña de axudas para gandeiros regulada polo Real decreto 1734/2000, do 20 de outubro, modificado polo Real decreto 836/2002, do 2 de agosto.

O fomento das razas autóctonas galegas en perigo de extinción baséase na xestión da liña de axudas para as organizacións ou asociacións de gandeiros regulada polo Real decreto 997/1999, do 11 de xuño.

En consecuencia, de acordo co disposto no artigo 30.1º.3 do Estatuto de autonomía de Galicia, e en uso das competencias que me confire a Lei 1/1983, reguladora da Xunta e do seu presidente,

DISPÕÑO:

Capítulo I
Disposicións xerais

Artigo 1º.-Obxecto.

A presente orde ten por obxecto convocar e regular as axudas para as seguintes actividades:

-O desenvolvemento de programas de xestión zootécnica.

-O desenvolvemento de programas de planificación zoonosanitaria.

-Actividades de fomento, difusión, profesionalización e especialización do sector gandeiro galego.

-Apoio ós libros xenéticos da raza bovina frisona e das razas autóctonas de Galicia.

-A realización de probas para determinar a calidade xenética ou o rendemento do gando vacún leiteiro.

-A realización de programas de cría de animais.

-A adquisición de animais de reposición de determinadas razas bovinas, ovinas e cabrúas autóctonas españolas.

-O fomento das razas autóctonas galegas de protección especial en perigo de extinción.

-A avaliación xenética das femias das especies bovina, ovina e cabrúa de raza pura para reprodución.

Artigo 2º.-Ámbito de aplicación.

O ámbito de aplicación da presente orde será o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 3º.-Finalidade.

Os fins que se pretenden acadar coa presente orde son os seguintes:

a) O aumento da rendibilidade das explotacións gandeiras galegas, da súa competitividade e do nivel de vida dos gandeiros.

b) A modernización do sector gandeiro galego en materia de xenética, sanidade e produción animal.

c) A mellora da eficacia dos sistemas productivos agrarios e das cualidades nas súas producións.

d) A optimización na utilización das oportunidades e recursos dispoñibles.

Artigo 4º.-Beneficiarios.

Poderán acollerse a estas axudas os gandeiros, as asociacións ou agrupacións de gandeiros e as súas federacións recoñecidas oficialmente, as entidades locais e outras entidades relacionadas co sector agrario, formalmente constituídas, todas elas radicadas en Galicia, que desexen realizar actividades enca-

miñadas á mellora da eficacia dos sistemas productivos e das cualidades nas súas producións, ou apoiem a realización deste tipo de programas, e que presenten un programa de actuación de acordo co contido desta orde.

Os beneficiarios teñen a obriga de realizar a actividade ou actividades que fundamentan a concesión da subvención.

Os gandeiros que participen nos distintos programas deberán comprometerse a cumprir na súa explotación as normas mínimas estatais e comunitarias en materia sanitaria, de identificación, de alimentación, de ambiente, de hixiene e benestar dos animais.

Artigo 5º.-Solicitudes.

As solicitudes presentaranse preferentemente nos rexistros dos órganos dependentes da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural. Así mesmo poderán presentarse nos rexistros de calquera órgano administrativo que pertenza á Administración xeral do Estado, á de calquera Administración das comunidades autónomas, ou a algunha das entidades que integran a Administración local, se neste último caso, se subscribiu o oportuno convenio, ou por calquera outro medio previsto no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. No caso de envío por correo farase de acordo co regulamentariamente previsto no artigo 31 do Real decreto 1829/1999, do 3 de decembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regula a prestación dos servizos postais, en desenvolvemento do establecido na Lei 24/1998, do 13 de xullo, do servizo postal universal e de liberalización dos servizos postais, presentándose en sobre aberto, co obxecto de que na cabeceira da primeira folla do documento que se queira enviar, se faga constar, con claridade, o nome da oficina e a data, o lugar, a hora e minuto da súa admisión.

Á solicitude xuntaráse a documentación requirida no capítulo IV, que está en función da liña de axuda solicitada.

O prazo de presentación de solicitudes será de 40 días hábiles contados a partir do seguinte ó da publicación da presente orde no *Diario Oficial de Galicia*, excepto para as axudas á adquisición de animais de reposición de determinadas razas bovinas, ovinas e cabrúas autóctonas españolas, no que o prazo de presentación de solicitudes é nos 30 días seguintes á adquisición dos animais.

O solicitante poderá acudir individualmente á Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) e á Consellería de Economía e Facenda para solicita-la expedición dos certificados acreditativos de atoparse ó corrente das súas obrigas tributarias e de non ter pendente de pagamento ningunha débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, para presen-

talos xunto á solicitude de axuda, ou, se é o caso, cubrir, debidamente asinada, a autorización que figura no anexo IX, para os efectos de que a Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural poida solicitala por vía informática.

Así mesmo xunto coa solicitude deberá presentalo certificado da Seguridade Social que acredite estar ó día nas súas obrigas con ela.

Non obstante, quedan exentas de achega-los xustificantes do cumprimento das obrigas a que se refire o artigo 78 do texto refundido la Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, as especificadas no artigo 42 da Lei 6/2002, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2003.

A Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural poderá solicitar dos peticionarios toda a información e xustificacións técnicas e económicas que considere necesarias co obxecto de comproba-la realización das actuacións subvencionables.

O expediente será resolto polo conselleiro de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, por proposta do director xeral de Producción e Sanidade Agropecuaria. A consellería comunicará, nun prazo de cinco meses contados a partir do día seguinte ó da finalización do prazo de presentación de solicitudes, a aprobación da solicitude. A falla de comunicación no dito prazo poderase entender desestimatoria das peticións de axuda. Esta resolución pon fin á vía administrativa e contra ela poderá presentarse recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano no prazo dun mes a partir do día seguinte ó da súa notificación; ou ben alternativa-mente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ó da notificación.

Artigo 6º.-Seguimento e control da concorrancia e acumulación de axudas.

Xunto coa solicitude inicial, os peticionarios das axudas presentarán unha declaración de conxunto de tódalas solicitudes efectuadas ou concedidas, para o mesmo proxecto, das distintas administracións ou entes públicos.

En calquera caso, antes do derradeiro pagamento e se houbera modificación da declaración anterior, o petionario presentará unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para un mesmo proxecto, das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.

Artigo 7º.-Criterios de adxudicación e control da execución dos programas.

Os criterios de adxudicación das distintas liñas de axuda especifícanse en cada unha delas nos capítulos II e III.

O control da execución dos programas será levado a cabo por persoal facultativo da Dirección Xeral de Producción e Sanidade Agropecuaria.

Artigo 8º.-Modificación das axudas.

As subvencións ás que se refire a presente orde serán consideradas como subvencións máximas e poderán ser reducidas, por proposta da Dirección Xeral de Producción e Sanidade Agropecuaria, en función da realización dos programas propostos, por limitacións orzamentarias ou cando exista concorrancia doutras axudas oficiais.

Artigo 9º.-Reintegro da axuda e obriga de facilitar información.

O interesado ten a obriga do reintegro, total ou parcial, da subvención ou axuda pública percibida no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión. Así mesmo ten a obriga de facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas, así como as que lle sexan solicitadas por calquera órgano comunitario de inspección ou control.

Artigo 10º.-Modificación da resolución de concesión.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión das axudas e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

Artigo 11º.-Xustificacións.

Os beneficiarios deberán comunica-la finalización da execución das actividades subvencionables antes do 15 de novembro, preferentemente á delegación provincial da consellería, xuntando os xustificantes orixinais de investimento e unha memoria explicativa sobre a súa realización, se é o caso.

Non obstante, para a liña de axudas á adquisición de animais de determinadas razas bovinas, ovinas e cabrúas españolas, enténdese que os xustificantes da execución das actividades subvencionables se achegan xunto coa solicitude.

Os beneficiarios dos programas de xestión zootécnica, ademais do indicado no parágrafo primeiro deste artigo, deberán presentar unha memoria do programa desenvolvido asinada polo facultativo responsable da súa execución, as xustificacións das visitas realizadas ós gandeiros e os informes técnicos elaborados.

Artigo 12º.-Financiamento.

As axudas que deriven da aplicación da presente orde financiaranse con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias dos orzamentos xerais da Comu-

nidade Autónoma de Galicia para o ano 2003, aprobados pola Lei 6/2002, do 27 de decembro:

09.03.613-A.760.0 dotada para esta finalidade con 48.080,56 euros.

09.03.614-A.771.0 dotada para esta finalidade con 3.789.889,33 euros.

09.03.614-A.781.0 dotada para esta finalidade con 2.003.261,27 euros.

09.03.613-A.771.0 dotada para esta finalidade con 2.003.000 euros.

Así mesmo os importes dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia cos que se financiarán estas axudas poderanse incrementar con fondos comunitarios, estatais ou autonómicos achegados para o efecto.

Estas axudas son cofinanciadas polo FEOGA-Orientación nun 75%.

As axudas enmarcadas nos reais decretos 1213/1997, 997/1999 e 1734/2000 modificado polo R.D. 836/2002 proceden dos orzamentos xerais do Estado, e financiaranse con cargo as aplicacións orzamentarias 09.03.613-A.771.0 (684.684,32 €) e 09.03.613-A.781.0 (108.182,18 €).

Capítulo II

Axudas de apoio técnico ó sector gandeiro

Artigo 13º.-Programas de xestión zootécnica.

Establécense axudas destinadas ás asociacións de gandeiros e as súas federacións recoñecidas oficialmente na Comunidade Autónoma de Galicia dirixidas á realización de programas de xestión zootécnica.

Criterios de admisión: non se subvencionará ningún programa que non cumpra os requisitos mínimos seguintes:

-Que exista como mínimo a contratación con dedicación en exclusividade dun técnico facultativo.

-Alcanzar polo menos 2 puntos trala aplicación do seguinte baremo:

-Contribución á mellora da eficacia e profesionalidade das explotacións: 1 punto. Valorarase mediante a análise, polos servizos técnicos da consellería, do programa presentado, comprobando que teñan repercusión positiva e directa na modalidade productiva que se trate de mellorar, coincidente coa aptitude productiva dos animais e a actividade declarada polo titular da explotación.

-Contribución á viabilidade das explotacións a longo prazo: 1 punto. Valorarase mediante a análise, polos servizos técnicos da consellería, da repercusión do programa sobre as posibilidades de comercialización dos produtos, tanto influíndo sobre as datas de maior produción como as de mellor prezo ou sobre a calidade dos produtos.

-Contribución á diversificación productiva das explotacións: 1 punto. Valorarase mediante a análise, polos servizos técnicos da consellería, da inci-

dencia do programa na posibilidade de obtención de diferentes produtos gandeiros ou diferentes modalidades do produto.

-No caso de programas de gando vacún, deberán ter un mínimo de 1.300 reses e 50 explotacións, como norma xeral. Unicamente se exceptuarán do cumprimento deste requisito, e consecuentemente do esixido no punto 1 deste artigo, aquelas asociacións que integren un número menor ó establecido para os censos de reses ou explotacións bovinas, sempre que existan situacións de dispersión xeográfica das explotacións, especiais situacións que impidan acadar os ditos mínimos ou situacións sanitarias especiais que fagan necesaria a aplicación de programas de control específicos estimados pola Dirección Xeral de Producción e Sanidade Agropecuaria.

-No suposto de programas de gando vacún, que polo menos o 30% das explotacións con orientación productiva leiteira da agrupación solicitante estean en control leiteiro oficial.

Cuantificación da subvención: a contía das axudas poderá acadar ata un 70% dos custos na contratación de persoal e servizos técnicos.

Establécense os seguintes custos máximos para a contratación de persoal ou servizos técnicos:

-Licenciado: 30.775,50 €.

-Diplomado: 25.831,86 €.

-Bacharelato, FP segundo grao ou equivalente: 21.587,54 €.

-Graduado escolar, FP primeiro grao ou equivalente: 17.481,64 €.

-Certificado de escolaridade: 15.656,12 €.

En todo caso para os programas de reprodución non poderá exceder de 18 € por explotación e mes, e 0,70 € por vaca e mes; e para os programas de podoloxía 21 € por explotación e ano, e 4,80 € por res e ano.

Considerando os límites establecidos nos parágrafos anteriores procederase ó reparto entre os proxectos seleccionados aplicando a mesma porcentaxe de subvención ó importe debidamente xustificado dos investimentos realizados.

Os solicitantes deberán presentar un programa zootécnico que deberá ser aprobado pola consellería, o cal virá acompañado dun programa sanitario.

Artigo 14º.-Programas de planificación zoonosanitaria.

Establécense axudas dirixidas a agrupacións de defensa sanitaria recoñecidas oficialmente pola consellería para a realización de programas de planificación zoonosanitaria.

Criterios de admisión, poderánse beneficiar das axudas as entidades que estean recoñecidas e cun programa oficial aprobado como agrupacións de defensa sanitaria gandeiras pola consellería segundo

establece a Orde do 2 de outubro de 2002, e posúen recoñecemento expreso anterior á finalización do prazo de solicitude desta axuda.

Ademais é requisito fundamental que manteñan as condicións do recoñecemento da Agrupación de Defensa Sanitaria Gandeira ó longo do período de execución da axuda.

Os solicitantes deberán presentar un programa zoonosanitario, coa indicación dos obxetivos que hai que desenvolver, orzamento pormenorizado e prazos de execución que deberá ser aprobado pola consellería.

Deberán dispor de polo menos un facultativo veterinario contratado responsable de desenvolver as funcións sanitarias relacionadas cos programas aprobados, e que estea recoñecido pola consellería.

Nas agrupacións de defensa sanitaria gandeira da especie porcina será indispensable para optar a axuda posuír un censo gandeiro mínimo de 1.500 UGM.

Cuantificación do importe da subvención: a contía das axudas poderá acadar ata un 70% dos custos na contratación de persoal técnico e ata un 30% dos custos na adquisición de material.

O cálculo do citado importe de subvención farase do seguinte xeito:

A) Contrato de técnico responsable da supervisión e execución do programa sanitario:

-Un 70% do contrato do técnico no caso de contratos en exclusividade.

-Un 50% do contrato do técnico no caso de contratos sen exclusividade.

Establécese un módulo neto máximo subvencionable por contrato técnico de:

-9.180 € para ADS cun censo gandeiro menor de 1.500 UGM.

-30.775,50 € para o resto das ADS, subvencionándose como máximo un contrato técnico por cada:

4.000 UGM en gando vacún para a primeira contratación.

4.000 UGM en gando ovino e cabrún.

8.000 UGM en gando porcino.

8.000 UGM en avicultura.

4.500 UGM en cunicultura.

8.000 UGM en peletería e outras especies.

B) Programas de planificación zoonosanitaria:

Os criterios obxectivos de reparto serán proporcionais ás dimensións do programa sanitario respecto da especie e número de animais abarcados, así como os distintos aspectos sanitarios previstos, valorándose o mesmo do xeito seguinte:

-Subvencionarase o 30% dos investimentos feitos en programas sanitarios para aquelas agrupacións

de porcino que no seu proxecto presenten un programa sanitario que inclúa:

-Programa de control serolóxico preventivo de introducción de enfermidades de especial transcendencia (PPA, PPC, EVP).

-Programas vacinais varios incluíndo enfermidades de obrigada vacinación (Aujezsky).

-Programa de desparasitación.

-Programa de limpeza, desinfección e desinsectación.

-Subvencionarase o 25% dos investimentos feitos en programas sanitarios para aquelas agrupacións avícolas que no seu programa sanitario inclúan:

-Programas de control específicos contra determinadas enfermidades con toma de mostras (salmonella e micoplasma en aves, *Influenza Aviar*).

-Programas vacinais varios.

-Programa de desparasitación.

-Programa de limpeza, desinfección e desinsectación.

-Subvencionarase o 20% dos investimentos feitos en programas sanitarios para aquelas agrupacións das especies bovina, ovina, cabrúa, equina, cunícola, peletería e piscícola con programas sanitarios que inclúan:

-Programa de loita contra enfermidades inespecíficas con toma de mostras.

-Programas vacinais varios.

-Programa de desparasitación.

-Programa de limpeza, desinfección e desinsectación.

A cuantificación dos importes de subvención anteriores terán como límite máximo o establecido para cada agrupación. O dito límite calcularase en función da súa dimensión (número de UGM implicadas) e o valor que se estableza para cada UGM. Este valor será o resultante de dividir a dotación orzamentaria dispoñible para o financiamento dos programas sanitarios, entre tódalas unidades censuais das agrupacións solicitantes. No caso de agrupacións de porcino subíranse os ditos límites un 15%.

No caso de que reste un remanente orzamentario pola aplicación dos límites especificados no anterior parágrafo, repartirase proporcionalmente entre aquelas agrupacións nas que non se supere o citado límite máximo, incrementándose as porcentaxes do 30%, 25% ou 20% de financiamento dos programas sanitarios.

Artigo 15º.-Actividades de fomento, difusión, profesionalización e especialización do sector gandeiro galego.

Establécense axudas dirixidas a asociacións de gandeiros ou as súas federacións formalmente cons-

tituídas e recoñecidas oficialmente, así como a entidades locais e a outras entidades, como as sen ánimo de lucro, relacionadas co sector agrario, destinadas a sufragalos custos derivados da organización de competicións, exposicións e concursos de gando da raza bovina frisona e das razas autóctonas de Galicia, e dos derivados da realización de actividades de profesionalización e especialización do sector gandeiro.

Criterios de admisión: os solicitantes deberán acadar 12 puntos trala aplicación do seguinte baremo:

-Asociacións de gandeiros e entidades de ámbito autonómico ou superior: 10 puntos.

-Asociacións de gandeiros e entidades de ámbito provincial: 5 puntos.

-Asociacións de gandeiros e entidades de ámbito inferior ó provincial: 2 puntos.

-Entidades locais: 5 puntos.

-Representatividade da entidade solicitante respecto do sector e da actividade no ámbito xeográfico no que a desenvolve: 10 puntos.

Cuantificación da subvención: a contía das axudas poderá acadar ata un 100% dos custos da realización destas actividades.

A contía máxima para a realización das actividades de fomento e difusión do sector gandeiro galego está en función do seu ámbito xeográfico e son as seguintes:

-Ámbito autonómico: 18.000 euros.

-Ámbito provincial: 6.000 euros.

-Ámbito local: 3.000 euros.

Tendo en conta os límites establecidos nos parágrafos anteriores subvencionaranse nas mesmas porcentaxes os investimentos debidamente xustificadas ata o reparto total do importe orzamentario dedicado a financiar estes programas entre as solicitudes admitidas.

O solicitante debe presentalo programa da actividade que haberá de ser aprobado pola consellería.

As actividades de profesionalización e especialización do sector gandeiro deberán gardar relación cos programas de xestión zootécnica, de planificación zoosanitaria, de apoio ós libros xenéticos, de control de rendementos ou cos programas de cría aprobados de acordo coa presente orde.

As actividades de fomento e difusión do sector gandeiro galego deberán ter como actividade principal a gandeira, e deben ter como fins o fomento e a difusión da raza bovina frisona e razas autóctonas de Galicia.

Artigo 16º

A contía total de axudas concedidas por este capítulo non poderá supera-los 100.000 euros por beneficiario nun mesmo período de tres anos ou, tra-

tándose de axudas concedidas a explotacións que respondan á definición de pequenas e medianas empresas da Comisión (DO do 10 do 13-1-2001), non poderá superar un 50% dos custos subvencionables, segundo cal sexa a cifra máis favorable. Para o cálculo da contía da axuda, considerarase que o beneficiario é a persoa á que se lle prestan os servizos.

Capítulo III

Axudas á mellora da calidade xenética do sector gandeiro

Artigo 17º.-Axudas de apoio ós libros xenéticos da raza bovina frisona e das razas autóctonas de Galicia.

Establécense axudas dirixidas ás asociacións de gandeiros ou as súas federacións, recoñecidas oficialmente no ámbito da Comunidade Autónoma, da raza bovina frisona e das razas autóctonas de Galicia destinadas a sufragalos custos administrativos correspondentes á creación e mantemento dos libros xenéticos.

Criterio de admisión: que as asociacións de gandeiros ou as súas federacións, recoñecidas oficialmente no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia da raza bovina frisona e das razas autóctonas de Galicia xestionen o libro xenético.

Cuantificación da subvención: a contía das axudas será o 100% dos custos administrativos correspondentes á creación e mantemento de libros xenéticos, non superando 165.750 € por libro.

Os solicitantes deberán presentar xunto coa solicitude unha memoria pormenorizada do programa que pretendan desenvolver que deberá ser aprobado pola consellería.

Artigo 18º.-Axudas destinadas á realización de probas para determina-la calidade xenética ou o rendemento do gando vacún leiteiro.

Establécense axudas dirixidas ás asociacións de gandeiros ou as súas federacións, recoñecidas oficialmente no ámbito da Comunidade Autónoma da raza bovina frisona destinadas á realización de probas para determina-la calidade xenética ou o rendemento do gando vacún leiteiro.

Criterio de admisión: as asociacións deben realiza-lo control de rendementos en tódalas explotacións do seu ámbito xeográfico que estean inscritas no libro xenético da raza.

Cuantificación da subvención: a contía das axudas poderá acadar ata o 70% dos custos derivados da realización de probas destinadas a determina-la calidade xenética ou o rendemento do gando vacún leiteiro.

As asociacións percibirán os importes máximos seguintes por explotación e mes controlado en función do número de explotacións acollidas:

-Menos de 250 explotacións: 43,17 €.

-Entre 250 e 500 explotacións: 30,92 €.

- Entre 501 e 1.000 explotacións: 21,73 €.
- Entre 1.001 e 2.000 explotacións: 19,89 €.
- Entre 2.001 e 3.000 explotacións: 18,67 €.
- Entre 3.001 e 4.000 explotacións: 17,13 €.

